

IV. OPOSICIONS E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 22 de outubro de 2024, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, relativa á publicación das puntuacións definitivas e finalización da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso á categoría de médico/a de familia de atención primaria.

Mediante a Resolución do 25 de setembro de 2024 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 193, do 7 de outubro) procedeuse á publicación do modelo definitivo de respostas dos distintos exercicios así como das puntuacións provisionais da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso na categoría de médico/a de familia de atención primaria.

A base oitava da resolución da convocatoria do proceso dispón que, tras a publicación das puntuacións provisionais dos exercicios, as persoas aspirantes poderán presentar reclamación ante o tribunal no prazo de cinco días hábiles seguintes ao da devandita publicación, unicamente de existir erros na confección aritmética da puntuación obtida.

A estimación ou desestimación das reclamacións entenderase implícita na resolución pola que se aproben as puntuacións definitivas dos distintos exercicios, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*. Se no mesmo período o tribunal, de oficio, apreciase algún erro na confección aritmética da puntuación obtida na fase de oposición por algunha persoa aspirante poderá proceder á súa corrección.

Finalizado este prazo, e de conformidade coa antedita base, este centro directivo

RESOLVE:

Primeiro. Dar publicidade, a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es), ás puntuacións definitivas obtidas polas persoas aspirantes presentadas en cada un dos exercicios que integran a fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso na categoría de médico/a de familia de atención primaria, convocado pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 14 de decembro de 2022 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 3, do 4 de xaneiro de 2023).

Segundo. Declarar finalizada a fase de oposición do referido proceso selectivo.



Terceiro. Esta resolución poderá ser impugnada polas persoas aspirantes interesadas nos termos previstos nas bases 7 e 11 da resolución de convocatoria do proceso.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2024

María del Mar Pousa Cobas
Directora xeral de Recursos Humanos

CVE-DOG: wcbao0do9-17r6-4sr4-01e5-oe6p78cj5ni4

